

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI CERVANTES  
CURSO: 1º, 2º, 3º, 4º ESO  
MATERIA: RELIXIÓN CATÓLICA  
DEPARTAMENTO: RELIXIÓN  
DATA: 09/MAIO/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. 1º ESO

<i>Criterio de avaliación</i>	<i>Estándar de aprendizaxe</i>
1. Traballo de investigación sobre Palestina na época de Xesús. Situación a Xesús no tempo e no espazo	1. Entende o significado dos Evanxeos como transmisores da mensaxe de Xesús 2. Recoñece nos Evanxeos a mensaxe de Xesús: O Reino de Deus
2. Comprender a imaxe de Xesús e da súa mensaxe sobre o Reino de Deus que nos transmiten os Evanxeos	

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. 2º ESO

<i>Criterio de avaliación</i>	<i>Estándar de aprendizaxe</i>
1. Estructura e organización da Igrexa como Novo Pobo de Deus	1. Coñece e Identifica os diferentes membros que formamos a Igrexa
2. Entender o significado dos sacramentos	2. Recoñece o significado de cada sacramento

### 2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. 3º ESO

<i>Criterio de avaliación</i>	<i>Estándar de aprendizaxe</i>
1. Analizar e entender as manifestacións da Relixiosidade Popular Galega	1. Defende, de forma razoada, a influencia da fe na cultura e na Relixiosidade Popular Galega
	2. Valora críticamente comportamentos característicos da R.P.G.

### 3. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. 4º ESO

<i>Criterio de avaliación</i>	<i>Estándar de aprendizaxe</i>
1. Entender a misión do cristián no mundo como a construción da civilización do amor	1. Investiga sobre iniciativas en favor da defensa da vida humana que contribúen á construción dunha civilización do amor
2. Elaboración de traballos sobre temas relacionados coa valoración e defensa e da vida: Aborto, eutanasia, pena de morte, ....	

<b>4. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Análise e valoración das tarefas e actividades subidas, en cada curso, á Aula Virtual do centro, ou enviadas ós enderezos de correo electrónico facilitados ó alumnado.</p> <p>Atenderase ó seu contido así como á súa presentación.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final, avaliación ordinaria (xuño), sairá da media aritmética das dúas primeiras avaliacións, incrementada, se fora o caso, <b>ata un máximo de 2 puntos</b>, polo traballo desenvolvido nesta 3ª avaliación.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Se a avaliación final ordinaria fora negativa, en setembro (se fora o caso) terían que realizar unha proba escrita sobre os contidos impartidos na 1ª e 2ª avaliacións. A cualificación será a nota obtida nesa proba</p>
<b>Alumnado de materia pendente (1ª/2ª Aval.)</b>	<p>As/os alumnas/os coa materia pendente na 2ª avaliación, (se fora o caso) e se a súa media coa 1ª avaliación non chega ó mínimo para superar a materia, enviaráselles actividades específicas e individualizadas. Comunicaráselle de forma individual ás/ós interesados, a través da Aula Virtual e o correo electrónico, e para cualificalas valorarase e avaliarase a súa realización, atendendo ó seu contido e á súa presentación</p>
<b>Alumnado de materia pendente (Curso Anterior)</b>	<p>Non hai alumnado coa materia pendente de cursos anteriores</p>

<b>5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Tarefas e actividades subidas á Aula Virtual en cada curso
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Ben a través da Aula Virtual, ben a través do correo electrónico, mesmo a través do Whatsapp, é posible o contacto con todo o alumnado matriculado na materia.</p> <p>As tarefas/actividades propostas pretenden reforzar e ampliar o aprendido, tendo en conta a carga horaria semanal (1 hora), de xeito que se poden realizar sen problema, sen grandes agobios.</p> <p>En todas as tarefas se proporcionan os materiais de consulta necesarios, así como con indicacións precisas, para a súa realización, e con prazo suficiente para seren entregadas (aínda que remate o prazo, está posto como mecanismo de planificación para o alumnado, non se pecha ningunha, todas seguen abertas)</p> <p>Ofrécese a posibilidade de resolución de dúbidas, correccións, novos envíos... tanto nos foros da A.V. como a través do correo electrónico, e washapp.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Materiais subidos polo profesor á Aula Virtual</p> <p>Páxinas de información e material dispoñibles na Rede</p> <p>Libros electrónicos en 1º e 2º da ESO</p>

<b>6. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A comunicación co Alumnado será preferentemente a través da Aula Virtual e o Correo Electrónico. Coas familias a través do Espazo Abalar e o correo electrónico
<b>Publicidade</b>	Na páxina web do centro.

Asdo. Ramón Gutiérrez López

Xefe do Departamenro